

Cedeira

Arciprestado da diocese mindoniense denominado inicialmente arciprestado de Labacengos. Estaba situado entre os de Trasancos e Arrós, na zona setentrional da provincia da Coruña, e incorporouse definitivamente ó bispado mindoniense no primeiro terzo do século XII.

A fins do século XV, xa coa denominación de Cedeira, esta división territorial comprendía 23 parroquias, tres menos das que o compuñan a mediados do XIX, cando se suprimiu o arcediagado de Trasancos, do que formaba parte conxuntamente coas vigairías de Ferrol e Ortigueira. O seu espazo abranguíu o territorio dos actuais concellos de Cedeira, Moeche e Cerdido, boa parte dos municipios das Somozas e As Pontes de García Rodríguez e aínda se estendía a algunha parroquia dos de Valdoviño e San Sadurniño.

Como demarcación diocesana, o arciprestado de Cedeira tivo continuidade tralo decreto de 1855, que estruturou a diocese en 18 arciprestados. En 1960 estaba constituído por 11 parroquias e comprendía o concello homónimo, dúas freguesías do de Valdoviño e unha do municipio de Cerdido.

Mantívose como unidade eclesiástica diferenciada nas reformas territoriais de 1968 e 1988. Neste último ano, os municipios de Cedeira, Cerdido, Moeche e dúas parroquias do de Valdoviño, que en total sumaban 17 freguesías, constituían o seu territorio.

O arciprestado extinguiuse en 2006 a raíz da reforma promovida polo bispo Sánchez Monge. As parroquias que o conformaron incorporáronse ó arciprestado de Xuvia, un dos sete resultantes da reestruturación do espazo diocesano.